

BANDO INFORMATIVO

AMPLIACIÓN DE HORARIO POLAS FESTAS DO SANTIAGUIÑO E SAN CRISTOVO 2026 NO CONCELLO DE OUTES

D. FRANCISCO CALO ABELLEIRA, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES, FAGO SABER:

Que con motivo da celebración das Festas do Santiaguiño e San Cristovo 2026 no Concello de Outes, acordouse a ampliación de horarios de peche dos establecementos públicos, segundo o disposto a continuación:

PRIMEIRO. Ampliación en dúas horas dos horarios xerais de peche dos establecementos públicos, en todo o termo municipal, durante as **noites do 24 ao 25, 25 ao 26 e 26 ao 27 de xullo de 2026**.

SEGUNDO. Os establecementos que se acollan á ampliación horaria con motivo da celebración da festa, serán **aqueles que contén con licenza municipal para actividade de hostalaría** (bares, cafeterías, restaurantes, café-espectáculo, pubs e discotecas), sempre que non se produza alteración nas condicións da mesma.

A prolongación do horario permitido de peche **debe respectar, en todo caso**, as condicións de funcionamento legalmente establecidas, tanto na normativa aplicable coma nas correspondentes licenzas de apertura.

TERCEIRO. Os establecementos que decidan aplicar o horario especial de peche, deberán ter en conta que **entre o peche e a apertura dos establecementos sempre deberá transcorrer o período mínimo obrigatorio de 4 horas**.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento dunha maneira cívica e respectuosa co ben común.

O Alcalde, D. Francisco Calo Abelleira.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

